

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 19 DE NOVEMBRO DO 2025.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Juan Carlos García Barreiro, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D. Jorge Boado Presas, D^a Pura Ferreño Saia, D. José Manuel Vara García.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra.

XUSTIFICOU A SÚA NON ASISTENCIA: D. Pablo Bugía López

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as catorce horas e un minuto do día dezanove de novembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, presidido polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

Comprobada a existencia de quorum dase inicio á sesión plenaria coa seguinte Orde do día

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

Sometida a votación a urxencia da sesión, resulta ratificada por unanimidade dos membros presentes, continuando coa Orde do día.

2.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2026

Polo Sr. Alcalde expónse ao Pleno o proxecto de orzamento para o ano 2026, co seguinte resumo:

ESTADO DE GASTOS

<i>A. OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>EUROS</i>
CAP. 1.- GASTOS DE PERSOAL	868.840,00
CAP. 2.- G. BENS CORRENTES E SERVIZOS	870.900,00
CAP. 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	82.500,00
<i>B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	
CAP. 6.- INVERSIÓNS REAIS	286.030,00
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	2.108.270,00

ESTADO DE INGRESOS

<i>A.- OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>EUROS</i>
CAP. 1.- IMPOSTOS DIRECTOS	549.000,00
CAP. 2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	60.000,00
CAP. 3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	189.230,00
CAP. 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.065.000,00
CAP. 5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	20,00
<i>B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	
CAP. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	245.020,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	2.108.270,00

Propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento para o ano 2026 do Concello de Coirós.

SEGUNDO.- Publicar a aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como no Taboleiro de Anuncios do Concello durante 15 días, para que os interesados poidan presentar as alegacións que consideren oportunas.

TERCEIRO.- As alegacións serán resoltas polo Pleno da Corporación, e no caso de non presentarse alegacións se considerará definitivamente aprobado o proxecto de orzamento.

Sometido a votación o proxecto de orzamento para o ano 2026 resulta inicialmente aprobado por 6 votos a favor (PP) e 1 votos en contra (BNG) e 1 abstención (PSOE)

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e sete minutos, do que eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO